

Festa dos Fachos da Peneda

22 de xuño de 2019

- Manuel Bragado -

Na mitoloxía galega existe o Libro de ler e desler. Un libro marabilloso utilizado para desencantar a nubeiros, bruxas e tesouros. Os nubeiros, tamén chamados nigromantes, son uns seres sobrenaturais, aínda que nalgúns ocasións poidan tomar forma humana, que viaxan sobre as nubes, mandan nelas e controlan os raios e os tronos, os ventos e as chuvias. Encárganse de provocar as treboadas e tempestades, o que a todos non comprace por igual, razón pola que nalgúns ocasións cómpre recorrer a que un crego os desencante tocando as campás que son as que mellor desfán a treboada e amedrentan as nubes e conseguir así que os nubeiros baixen a terra.

Mais esta non é unha operación doada, xa que o esconxurador debe ler antes a primeira páxina do Libro de ler e desler, o que é moi perigoso, coa intención de que se abra a cova onde está o tesouro. Xaora, deben ter moito tino xa que cando a deslén, péchase e todo volve comezar. Así funciona este Libro de ler e desler cando estes cregos parlamentan co tronante, un dos máis nubeiros máis tremendos, coa intención de acordar con el onde manda un pedrazo de verán ou unha desas galernas de toda a vida, que agora os meteorólogos bautizaron como cicloxénese expansiva. Mais cando os cregos deslén o Libro de ler e desler o ceo ábrese de cheo e dende este outeiro da Peneda, ao pé do esteiro do río illó, batendo nas ondas do poeta Mendiño, pode enxérgase a Freu da Porta pola que chegou até aquí o pirata Francis Drake.

O Libro de ler e desler, cando se le ao revés, serve para desencantar meigas, e cando é utilizado por seres humanos pode encantar tesouros. E o que é aínda moito máis insólito, cando se queima un destes libros de ler e desler saen do lume luces de todas as cores como comprobaremos esta noite máxica reunidos nesta pirámide do Viso, o mellor lugar da ría nosa para afastar durante un tempinho meigallos, sandar doenzas e convocar a maxia do amor e dos afectos compartidos.

Unha noite na que neste espazo máxico, protexidos pola sobreira centenaria, a carón onde está enterrado un tesouro dos mouros, no corredor do castelo de Castrizán, convocamos en asemblea a gigantes, olláparos, ananos, queimavellas, xacias, sereas, xerapas, rabenos e lavandeiras, entre outros moitos habitantes deste noso país imaxinario. Un espazo para o extraordinario no que convocamos as meigas e chuchonas que heberon na fonte de Ana Manana e no que voaron de incógnito cocas e dragóns. Camiños de pedra que rubindo até a ermida souberon das pegadas do Acompañamento chegado das illas de Ons, tremendo na escuridade ao escoitar o Paxaro da Morte e das centos de persoas que noutrora levaron a procesión de mortallas.

Unha noite na que contamos coa presenza misteriosa da moura dos ollos grandes, muller belísima que gardou e gardará o tesouro da Peneda, mentres conservemos a memoria de noso. As mouras son as vixías dos segredos dos tesouros existentes na natureza para que a cobiza humana se manteña afastada deles. Mais convén non confiarse, xa que estas xanas tamén poden ser moi perigosas cando se transforman en serpes, mesmo até chegar ser devoradoras de calquera tipo de seres vivos.

Lembremos a invocación que para elas escribiu o poeta vigués Antonio García Teijeiro:

Moura que estás no penedo
ou nas ruínas na fraga,
garda os tesouros na terra
que eu de ti non quero nada.

Diante de semellante convocatoria de seres do Outromundo, subimos cos nosos fachos para prender ramallos de luces purificadores de malos aires e recuperar este monte da Peneda e os seus camiños de pedra, tras as pegadas de Pedro Madruga en tempo irmandiño, como un lugar senlleiro para celebrar o noso espírito, a nosa lingua e historia milenarias, un amor compartido que non pode ser inútil.

Xuntámonos para prender ramallos de luces para conservar a saúde dos nosos montes, onde se agocha o tesouro da nosa forza, afastándoos da cobiza dos demos que pretenden furtalos. Sabemos que estas faíscas son a mellor fonte de enerxía, capaces de transformar o noso nun tempo de entusiasmo.

Subimos cos nosos fachos acesos para afirmar a cifra do que somos, a memoria do que fomos e o proxecto de comunidade que queremos ser. Ascendimos coas mans emocionadas co lume sagrado dos fachicos, nesta noite dos fachóns da Peneda, para afirmar que somos, como convocou Castelao na súa Alba de Gloria, un pobo pacífico até o lirismo, paciente, cacholán, capaz de facer equilibrios no ronsel que debuxa un Nautilus, avante, polo mare de Rande cara as lamas máis últimas.

Pechamos xa este Libro de ler e desler, coma fixeron os nosos devanceiros, para celebrar o lume como o mellor milagre do mundo, como un espazo sagrado, como o tríscele do lume, da luz e do amor.

Saltando estas cacharelas quedamos libres de todo mal. Compartindo o lume comunal da queimada queimamos os malos espíritos, afirmamos a nosa galeguidade e compartimos os nosos afectos.

Como escribiu o poeta Ramón Cabanillas:

Ergámonos sen medo!
Que o lume das toxoiras
envolva na fogueira.

Que todos os nosos soños de luz cheguen ao seu destino!
Que chovan ramallos de luz!
Acendamos ramalletes de foguetadas!
Que a estrela dos afectos sexa a que nos guíe!